

INDICACIÓNS RELATIVAS Á RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA PRODUCCIÓN DE INVESTIGACIÓN 2015

1. CONSULTAR A AVALIACIÓN PROVISIONAL

Os departamentos e o persoal investigador poden consultar a avaliación provisional dos méritos no soporte SUXI-XC (<https://seix.uvigo.es/uvigo.sv/>), a través de **Méritos > Méritos do meu departamento / Os meus méritos**; seleccionando **Méritos de investigación** no apartado **Tipo xenérico de mérito** e o ano **2015**.

Co obxecto de facilitar a análise das puntuacións asignadas e o proceso de reclamacións, lémbrese que toda a información relativa á convocatoria e aos criterios de avaliación atópase na paxina web da Universidade de Vigo

http://www.uvigo.es/uvigo_gl/investigacion/produccion.html

Ademais, considerando as incidencias detectadas, indícanse a continuación algúns aspectos a ter en conta durante a consulta e análise das puntuacións.

POSIBLES CAUSAS POLAS QUE O MÉRITO FIGURA COMO “VALIDADO” (NON COMO “AVALIADO”) OU FOI AVALIADO CON 0 PUNTOS:

(Lémbrese que só poden ser considerados para avaliación os méritos validados polos departamentos)

MÉRITOS EN XERAL

- a. Méritos introducidos na actual convocatoria 2015 pero que foron xerados en anos distintos aos avaliados.
- b. Posible duplicación de mérito. Foron comparados os méritos introducidos en distintos anos/convocatorias e/ou méritos introducidos en distintos soportes, e avaliados con 0 puntos aqueles méritos detectados como posibles duplicacións (p.ex. con títulos idénticos)
 - Se o mérito foi avaliado positivamente en convocatorias da Producción de Investigación anteriores, considérase unha duplicación. Non procedería reclamación, xa que logo o mérito xa foi avaliado.
 - Se o mérito foi introducido en distintos soportes ou anos dentro da actual convocatoria da Producción de Investigación (p.ex. o mesmo artigo de revista introducido no ano 2015, por o mesmo/a ou distintos/as autores/as). Na

reclamación deberá indicarse cal dos méritos introducidos é o correcto, e polo tanto, para cal se solicita a avaliación.

- c. Introducción na aplicación dun *Ano de cómputo* distinto a 2015:

Convocatoria
 Producción de Investigación ▼
 Año de cómputo * Val. provisional
 2016 ▼
 Observaciones

- d. Discrepancias entre as datas que figuran en *Ano*, *Ano de cómputo* e/ou *Ano de publicación*.

Data a efectos de Producción científica

Ano Ano de cómputo *
 2013 2014 ▼

- e. Non se introduxo o dato sinatura do investigador/a

Editores
 Servicio publicaciones universidad de Vigo
Autores

Orde	Sinatura	Pertence Univ.
País		Cidade
España		Vigo

- f. Os nomes de varios autores/as foron introducidos na sinatura nunha única liña, polo que o sistema non pode distinguilos.

LIBROS E CAPÍTULOS DE LIBROS

- a. A editorial foi categorizada pola Comisión de Investigación da Universidade de Vigo como *Non avaliable*:
- A editorial é una empresa de reprografía, copistería, librería, empresa de artes gráficas ou similar, polo que as publicacións resultantes serían libros editados polos propios autores, que non se valoran.
- b. A editorial foi categorizada pola Comisión de Investigación da Universidade de Vigo como *Descoñecida* ou non ten categoría asignada:

- A editorial non figuraba no “Listado de editoriais categorizadas pola Comisión de Investigación” publicado no momento da convocatoria, e durante o período de introdución e validación de méritos **non solicitou a categorización da mesma**.

Na páxina web está dispoñible o listado completo das editoriais categorizadas. (http://www.uvigo.es/uvigo_gl/investigacion/produccion.html)

- c. No tipo de mérito **Libro-Editor** non figura o dato Editores.

Nº editores	Nº autores
1	4
Editores	
Autores	

REVISTAS

- a) No tipo de mérito **Censor/a de artigos en revistas** non se valoran as revistas non clasificadas como tipo A (A1, A2, A3, A4) segundo os criterios establecidos na convocatoria da Producción de Investigación 2015.
- b) No tipo de mérito **Censor/a de artigos en revistas** non se introduxo o dato *número de censos*.

Tipo de participación	Número de censos *
Revisor ▼	0

2. RECLAMAR A AVALIACIÓN PROVISIONAL

As reclamacións con respecto á avaliación provisional deberán **realizarse a través dos departamentos**, utilizando o formulario dispoñible na páxina web. A Vicerreitoría de Investigación e Transferencia realizará unha revisión inicial das reclamacións presentadas, e solicitará aos departamentos a documentación acreditativa correspondente en aqueles casos en que sexa necesario.

O formulario enviarase á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia a través de calquera dos catro Rexistros oficiais da Universidade de Vigo. O **prazo** de presentación de reclamacións estará aberto ata **o venres, 2 de xuño de 2017**.

Non se admitirán a trámite as reclamacións que sexan enviadas fora de prazo, por medios distintos aos Rexistros oficiais da Universidade de Vigo ou non remitidas polos departamentos.